



En lembranza de César Gil Dovalo, máis coñecido por Sero o Molinero

Por iniciativa da miña amiga Encarna Sánchez Martínez (filla de Sánchez das Bicicletas que tivo taller nos baixos da farmacia de Lérez), un grupo de persoas relacionadas con Sero quixeron e quixemos manifestar postumamente (finou o 19-06-2020) o aprecio que profesamos a este persoeiro que é meu pai.

A punto de rematar o ano 1923, o día de noitevella, ponse de parto, Julia, a miña avoíña, esa moreniña de Sanxenxo, traballadora, boa persoa e valente, pois seguiu adiante co embarazo sendo nai solteira na aquela época. Ese día, o mesmo en que naceu Xesucristo, veu ao mudo, na casa (como se nacía antes) do Molinero, meu pai, César Gil Dovalo, Sero. Alí medrou ao coidado de dúas nais (Julia e Dolores, nai adoptiva xuntamente co seu marido Eustaquio), que o adoraban.

De neno foi “monaguillo”, de adolescente formou parte dun grupo de teatro e de mozo, despois de aprobar a selectividade en Santiago, estudou a carreira de Comercio en Vigo. Nunca suspendeu, pois iso supoñía perder a beca. A idea era traballar nalgún organismo oficial, pero o seu soño truncouse cando meu avó (seu pai) lle

dixo que el xa ía maior e que agora lle tocaba a el facerse cargo do negocio, que marchaba ben e que se ganaba máis que nunha oficina. É verdade que era moito traballo, pois a do Molinero (ese era o alias de meu avó) era tenda, casa de comidas e hospedaxe.

Ao longo da súa vida meu pai tivo confianza con don Leandro e amizade con familias ilustres, como os Mendoza, pero, como persoa sinxela que era, tamén mantivo relación fluída con moirantes, así como con todos os demais veciños de Lérez e doutras parroquias da redonda.

Meus pais casaron namorados, despois dun noivado de dous anos. Se cadra, naquel momento non pensaron que a súa aventura duraría setenta anos ben cumpridos. Traballaron moitísimo, coidaron a seus pais, formaron unha familia, criaron os fillos e educáronos en valores.

Cando o negocio comezou a baixar, meu pai tivo que renovarse, así que co axuda de miña nai que sempre estivo ao seu lado, dedicouse a comprar, criar e vender porcos, así ata que se retirou.

Desfrutaron das fillas, despois dos netos/as e máis tarde dos bisnetos/as, e todos e todas recordamos para sempre as súas vivencias e anécdotas. Foron los mellores pais do mundo e eu síntome tremendamente orgullosa de ser filla deles. El sempre dicía que cando lle chegase a hora de partir, quería estar na súa casa rodeado da

familia e así foi, sen sufrimento. Un venres ás oito da tarde cumpriu o seu su último desexo.

A traxectoria vital de meu pai foi dinámica e exemplar. Daría para escribir un libro¹, pero agora deixemos que falen as persoas que o coñeceron e que tiveron a oportunidade de participar nesta iniciativa.

Miña imá, Lolita, e os seus fillos, Loló e Carlos, tamén se unen a esta lembranza e comparten nos seus recordos vivencias, emocións e sentimentos que aquí afloran.

MARISÉ GIL CONS

Dise que hai que recordar as persoas polos seus feitos e bondades. Isto é o que me quedou dun ser especial, tenro, agarimoso, educado, moi culto, boísimo con aquelas nenas que comezabamos a xurdir á vida, que nos facía entender moitas cousas que coas súas historias e sabedoría nos ensinaba. Din que os nenos son esponxas que absorben todo. Con el aprendemos e fixémonos adultos, sempre co seu agarimo e cos seus sabios consellos, ata que se foi co amor da súa vida, señora Fina, a do Carranco, fermosísima muller polo exterior e interior. Para sempre no meu pensamento. Unha nena do Empalme que te adorou.

ENCARNITA SÁNCHEZ

Señor Sero, son Mary, a filla de Carmen e Aurelio (o das bicicletas). Aquela veciña

¹ Na revista Cedofeita (nº 13, 2009, páx. 53-55) relátase unha conversa de meu pai con Isodoro González e Xaime Igleias, na que se poden ver algúns aspectos da súa vida.



pequena que ía á súa casa a ver a tele na cociña, pois daquela, só uns poucos a tiñan. Vostede e a señora Fina sempre tiñan a porta aberta para nós, iso e moitas cousas máis que contaría gustosa. Fostes moi bos coa nosa familia.

MARY SÁNCHEZ

A casa de Sero era un remanso. Meus pais eran de poucas festas e non celebraban o nadal. Eu, filla única, tiña a Marisé por irmá da alma, así que era a convidada que non faltaba nunca ás celebracións. Desfrutaba da compañía de todos eles e da boa cociña da avoa Julia. Casei e fun vivir fóra, pero cando volvía, volvía a desfrutar do cariño de todos. O mellor segue a ser a unión en que foron criados todos. Sigo vivindo fóra, pero sempre con Sero e a familia no corazón.

CARMEN ALBOR.

Nós remontámonos á nenez, cando Sero, un gran veciño e unha gran persoa, pai das nosas amigas, ao ver que nos pasábamos de revolucións dicía: vir aquí. E sentábanos arredor da mesa da cociña e contábanos contos e tamén nos lía o periódico. El sabía que así nos tiña quietas e caladas e nós alucinábamos con todo aquilo, sen esquecer que Fina facía tortillas para todas.

MARISA E LOLITA, AS LARACHAS.

Desexamos agradecer ter a oportunidade de escribir sobre o matrimonio Gil Cons, Sero e Fina, persoas de primeira

liña, moi especiais. Sero foi auto-didacta e único. Como cidadán e amigo, un galego con experiencia histórica e ademais contribuíu a seguir facendo historia polos seus coñecementos, amor, compañía e amizade. Para nós foi un privilexio coñecelo. Agradecemos a súa axuda a proxectar as nosas raíces nesta Galicia que tanto amamos. Unha lembranza para sempre a Sero e Fina.

ADELINA E ESTEBAN BOU NOLLA E FAMILIA.

Encántame esta merecida iniciativa. Que bonito o recordo que deixou o señor Sero, o Molinero, coa sabedoría dos anos vividos. Os seus consellos quedan para sempre no recordo de todos, seguro que especialmente nos netos e bisnetos. Parabéns por esa persoa tan boa e integra que foi o señor Sero. Bicos ao ceo. MARILÓ, A DE MARTÍN ESPERANZA.

Tiven a inmensa felicidade de coñecer unha parella que se amaron auténticamente e puideron dar vida a un ser humano tan especial como é a nosa amiga Marisé. Só eles o podían lograr, pois, ademais de darlle vida, ensináronlle co seu exemplo de vida, non con palabras, senón con actos, o camiño que debía seguir. Coñécense os pais a través dos fillos. Como dicía antes, coñecín a Sero e a Fina, por iso podo afirmar que seguen vivindo no nosos cariñoso recordo que vemos renovado nos seus descendentes

MIRIAN.

Cando es nena os tempos teñen outra velocidade. Unha das miñas épocas preferidas sempre foi o nadal. E sabedes cal era o sinal de saída? Cando meu pai dicía: vamos a Lérez. Subiamos ao coche e alí íamos felices. Se pecho os ollos aínda me vén o recendo a vieiras do fomo que facía Fina. Bicos, apertas, contar aventuras... Así era a tarde do 24 de decembro na casa de Sero. Agora somos adultos e a velocidade do tempo é diferente, acelerouse. Pero segue o seu legado e non hai nadal que comece sen ese recordo. Eles, Sero e Fina, sementárono!

JULIA REY.

Querido tío Sero. Grazas polo teu cariño, polo xeneroso que fuches comigo e polo moito que me axudaches cando máis o necesitaba. Sempre terei presente a túa bondade, a túa alegría, a túa positividade. Fuches un traballador incansable polo benestar da familia pola que sentías un gran amor. Nunca se borrarán os fermosos recordos que ti e Fina deixastes en min. Sempre me alegrarei polos momentos felices que vivín ao voso lado.

CELINA.

Querido Tío. Desde que te coñecín, xa der maior, a túa personalidade, o teu interese por toda a realidade que pasaba no mundo, a túa tenrura no trato comigo, as anécdotas que me contaches de meus pais, que me axudaron a entender a miña historia, fixo que te admirarse con toda a miña alma. Ti non te fixeches vello, ti seguiches sempre madurando. Dígoche desde o corazón que sinto orgullo de que meus pais te elixisen para seres o meu padriño.

PILI RAMÍREZ CONS.

Para os nosos queridos e recordados tíos, Fina e Sero, dúas persoas marabillosas, que formaron parte das nosas vidas e as que sempre nos recibiron cos seus brazos abertos. Deixaron en nós unha pegada enorme pola súa bondade e cariño. Permanecerá sempre nas nosas memorias a compañía que lle fixestes a súa irmá, a nosa nai, cando

se encontraba tan maliña e pasaban todas as tardes con ela, facéndoa rir coas súas anécdotas de xuventude. Iso non o esqueceremos xamais.

ESTRELLA, MARIA DEL PILAR E GLORIA.

Era unha mente privilexiada e un bo home. Ensinei aos meus netos que co pasar dos anos a sabedoría ten un nome: o tío Sero. Nada lles gustaba máis que estar con el e acariciar a súa calva. Alí dentro estaban ordenados todos os recordos da vida. O seu enorme corazón gardouno para as fillas, netos, sobriños, para a familia, sobre todo para Fina, sempre Fina. O seus ollos nunca ocultaron o brillo da paz que chega cos anos.

Presumo moito de ser o seu sobriño favorito. Se miro atrás gran parte do que son débollo a el. Creou unha boa familia na que nos queremos por encima de todo, ese é o gran legado que nos deixou. Estás presente sempre, Tío Sero, porque cando nos miramos uns a outros sabemos, sin preguntar, que sempre estás nos nosos pensamentos.

JOSÉ BENITO REY DOVALO (SENITO)

Foise o avó Sero, era maior. Sei que viviu a súa vida e que nós debiamos deixalo ir. Pero tamén sei o que doe por dentro o vacío que deixa. Nas nosas mentes golpean os recordos do avó e da avoa. Criámonos con eles, eran cómplices das nosas travesuras, dos nosos erros, eran os primeiros en coñecer as nosas equivocacións, en animarnos a iniciar un proxecto ou un cambio de rumbo nas nosas vidas. Foron un exemplo de coraxe e valentía, mestres na arte de caer e erguerse unha e outra vez. Tería moito que contar, pero remato dicindo que nos quedan sentimentos, emocións e sobre todo amor, gratitude e luz, moita luz. Sei que hai un lazo invisible entre eles e nós, sei que nas nosas almas están as súas. Os avós nunca morren, só se fan invisibles e estarán aquí ata o infinito e máis alá.

MARÍA JOSÉ, NETA.

Cando me deron a noticia de que podería dedicarlle unas letras ao avó Sero, levei unha grande alegría. Pregúntome como un corpo tan pequeno podía albergar tanta grandeza: grandeza de espírito, de optimismo, de saber evolucionar cos tempos; sempre recibíndote cun sorriso, contando as súas anécdotas con todo detalle, sen que faltase una soa data, un nome ou un lugar, facéndonos partícipes do privilexiado que foi por dotalo a vida de tanta memoria e intelixencia. Grazas avó por estares aí e, agora que xa non estás, sítote máis presente que nunca. Ti e a avoa Fina sempre viviredes nos nosos recordos. Grazas por ensinarnos como vivir e o que realmente importa: a familia, os seres queridos e os afectos. Mil grazas por tanto.

DOLORES, NETA.

Queridos avós, os meus segundos pais. Que afortunada me sinto por estardes tanto tempo ao meu lado, por vivirdes os meus momentos de felicidade, que coñecerades as miñas fillas, bisnetas vosas, e que tamén elas sintan un cariño infinito por vós. Recordo con dolor o día en que vos fostes. Contigo, avó, suxeítándoche a man, sendo consciente de que nunca máis conversariamos que xa non me botarías eses piropos, eras especialista en subir a autoestima, facíasnos sentir especiais. Lembrei durante esa última semana, os domingos de carnaval facendo filloas contigo durante toda a mañá; cada vez que me dicías que me parecía a túa nai; todas as túas historias de vida; todo o teu cariño; que xamais me regañaches. É un orgullo ser neta vosa. Todas as persoas que me falan de vós só teñen palabras de agradecemento.

ALEJANDRA, NETA.

A verdade é que podíamos escribir un libro sobre os nosos avós, as mellores persoas e máis entregadas que coñecemos. A avoa era discreta, guapa, tamén presumida e excelente cociñeira. Vaia paparotes nos preparaba! con sobremesas que desfrutabamos todos xuntos. O avó era o noso cómplice. Sendo nenos

faciamos obras de teatro ou musicais que os maiores tiñan que “tragar” e por riba o avó prestábanos a boina para recadar algunha moedas. E cando pintamos “grupo caramel” (faltaba o) con letras negras polo pasamáns do sobrado onde tiñamos o noso “club”, ao avó case lle dá algo, pero non pasou nada. Foi un home adiantado á súa época. Xa na última etapa foi capaz de gravar un vídeo onde dicía que a pandemia era peor que a guerra, pois nesta coñécese o inimigo e naquela non. Os avós foron referentes nas nosas vidas que nos axudaron a a ser como somos e a ter os valores que temos. Sempre vivirán nos nosos corazón e nas nosas memorias.

JULIA, SABELA E PEDRO, NETOS.

Gústame todo o que recordo do avó, pero o que máis era que nos contase aos primos e primas historias de cando era pequeno e cousas así. Bótoo moito de menos. (PAULO).

Sempre recordaremos os bicos e abrazos que nos dabades cando chegabamos da Coruña. Era moito cariño. E o bisavó sentábanos no chan arredor súa e contábanos historia da súa vida. En resume, sodes os mellores bisavós do mundo. (SABELA E PEDRO).

Lémbrome de cando nos ensinabas relixión. Grazas ati aprendín a rezar. Tamén nos contabas historias moi fermosas cunha mirada tenra e chea de amor. (ALEJANDRA).

Estou moi contenta recordando cando o bisavó nos cantaba historias súas. Estaba desexando medrar para que a miña vida fose tan emocionante como a súa. (LUCÍA).

Os bisavós facíanme rir e reflexionar. Facíanme feliz. A bisavoa tamén me contaba historias e ao bisavó lémbroo cos seus ollos brillantes e a súa amorosa mirada. (SARA)

BISNETOS DE FINA E SERO.